




LAZA E PISTA DO MARROQUÍ

Adela Leiro, Mon Daporta
xullo 2025



Distancia: 5,5 km (lineal) + coche
Dificultade: baixa



O concello de Laza forma parte da comarca de Verín e o seu territorio conta con zonas diferenciadas; ao norte atópanse as maiores alturas, nas serras do Macizo Central (San Mamede, Correchoso e Fial das Corzas), co cumo máis alto no Cabeza da Veiga do Fial, con 1.552 m. No centro a depresión formada polo val do Támoga que recibe no concello numerosos afluentes que baixan das serras: Carraxó, Souteliño e Barcelo, pola dereita e Barxa, Abilleira, Cabras ou Correchoso e Codias pola esquerda. Ao sur pequenas elevacións co puntos máis alto no Monte Meda, con 1.089 m.

As principais actividades son os servizos, a agrogandaría e o sector forestal e conserva un importante patrimonio histórico-artístico (igrejas da Retorta e San Xoán de Laza), etnográfico (casas, muíños, antigo camiño de ferro, festas tradicionais...). Destaca a celebración do Entroido coa presenza dos "Peliqueiros".

Laza conta con áreas de grande valor ecolóxico e paisaxístico nos vales dos ríos e nas serras, cunha parte protexida nos LICs "Macizo Central" e "Río Támega".

Na historia de Laza marcou un fito importante a construción das vías do tren que comunica Galiza coa meseta, pola dificultade do trazado, polas obras de enxeñería realizadas (túneis, viadutos) e polas historias humanas que rodearon todo o proceso. En 1862 decídese unir Vigo coa Meseta e o último tramo Pobra de Seabra Ourense posponse durante máis de 65 anos pola dificultade do terreo e os custos. A obra pasa por moitos imprevistos: os cambios de goberno, a guerra, a morte do enxeñeiro xefe das obras. Chegaron a quedar 12.000 obreiros sen traballo o que dou lugar a numerosas revoltas. Un consello de guerra xuzga a oito carriláns (un condeado a morte e oito a cadea perpetua). Despois da guerra establécense dous destacamentos penais e os presos políticos son obrigados a traballar nas obras.

Para transportar o entullo, os víveres e os feridos tiñan un cable desde a vía a Correchouso e máis tarde construíuse unha pista de terra paralela á vía e comunicada con ela mediante túneis laterais, a **Pista do Marroquí**, deseñada polo enxeñeiro Augusto Marroquí que mide 24 km entre as estacións de Alberguería e Cerdedelo. En 1957 rematou a obra de ferrocarril máis cara do estado. Dos 150 Km o 40% serían túneis; 80 excavados a pico e pa, agúns de máis de 6 km de lonxitude.

O túnel do Corno, de 2,5 km, foi o máis complicado, o terreo impedía que fraguase o formigón e había constantes derrubes. Levouse a vida de 12.000 obreiros por causa de derrubes, feridas e o coñecido como «mal da vía» (silicose).



A pista con Correchouso ao fondo



Cabana no monte



PERCORRIDO

Plantexamos un pequeno achegamento a Laza para coñecer algúns puntos de interese e poboacións máis destacadas: igrexas, cruceiros, fervenzas... e facer un curto percorrido pola Pista do Marroquí

Partimos da vila de **Laza**, capital do concello, onde podemos ver algunhas casas tradicionais, un cruceiro curioso, - construído enriba dun pozo- e a igrexa. Podemos facer un achegamento á aldea tradicional de **Vilameá**, ou a **Correchouso**.

Pola estrada de **Cerdedelo** temos o acceso á **Pista do Marroquí**, a **Toro** e a varias **fervenzas**.

Se visitamos a zona no **Entroido** en Laza podemos coñecer un dos máis sonados do país.



Peliqueiros no Entroido de Laza.



Vilameá



Cruceiro no remate dun pozo, en Laza.
Imaxes de 1980 e 2006.



Portada da igrexa románica de Arcucelos (A Retorta).

PISTA DO MARROQUÍ

Comeza 2 km antes de Toro e remata en Correchouso. Podémola facer desde Correchouso ou desde Toro. É mellor facela camiñando.

Unha ruta con amplas panorámicas sobre o barranco de Armada seguindo o curso do río das Cabras ou de Correchouso. Segue unha pista, en parte asfaltada e en parte derrubada, que se fixo para a construción e o mantemento dos tuneis do ferrocarril. Desde o inicio ata a primeira boca de túnel ten un forte descenso. Logo continúa ase a nivela ata as proximidades de Correchouso. Podemos ver repoboación de piñeiros, nas proximidades de Correchouso un fermoso bosque autóctono e nas paredes polas que discorre a ruta, fortemente escarpadas, vexetación arbustiva (toxo, breixo, xesta e carqueixa) e plantas das rochas e da humidade (uvas de lagarto, saxífragas, silenes, leucanthemum, fentos, armerias, santolina, carrizas...)




Vista xeral do val desde a pista do Marroquí



Val do rego das Cabras

Vista do monte da Armada





Rego de Augas Altas

Un afluente río do Cereixo (Támega) que Baixa do alto da Verea.

Os Muíños (Trez)

No rego do Cereixo, baixa da serra de Fial das Corzas. Está modificada pola presa dun muíño.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Laza a Cervedelo, despois de 3 km vese a ferverza á dereita da estrada.

Máis arriba, nun afluente do Trez hai outro salto, á esquerda da estrada, onde se cruza unha ponte.



Rego da Profita

Na estrada de Laza a Cervedelo, pasado o cruce de Toro e antes de chegar ao de Trez vese nunha curva por enriba da estrada.



Rego do Corno

Un afluente do Río das Cabras ou de Correchouso que cae desde o monte do Corno nunha longa serie de saltos que rematan no fondo do barranco da Armada, uns 300 m máis abaixo.

Baixando pola pista do Marroquí, a 2 km, chegamos á boca do túnel ao pé do que cae o Rego do Corno.



Castiñeiro de Cerdedelo 8,2 m de perímetro.



As Míllaras (desaparecido)



Corgo dos Cales -12 m de perímetro.



O Tâmega no Marco de Ouro

No **Souto de Cerdedelo** (na saída de Cerdedelo cara a Laza, despois dunha curva moi pronunciada) hai numerosos exemplares de castiñeiros de bo tamaño.